

En Boiro, sendo as 11:00 horas do día 7 de setembro de 2023, ten lugar a reunión da Comisión de Coordinación Pedagóxica no salón de actos do IES Espiñeira coa seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Atención á diversidade: pendentes, repetidores, plans de reforzo, ...
3. Elaboración da Concreción Curricular do centro.
4. Rogos e preguntas.

1. Aprobación, se procede da acta anterior.

María Ana Domínguez, directora do IES, sinala que a acta como é costume atópase dispoñible na páxina web para súa lectura. Apróbase a mesma por unanimidade.

2. Atención á diversidade: pendentes, repetidores, plans de reforzo, ...

A Directora remítese á Orde de atención á diversidade para informar que se debe aclarar ao alumnado os criterios e instrumentos de avaliación.

Respecto ás materias pendentes, María Ana informa que cada departamento debe fazer un seguimento das pendentes, tras o último cambio lexislativo. Debe realizarse un plan de reforzo e informar ao alumnado e familias. Faise o recordatorio de que debe aclarar en dito informe quen fai ese seguimento. Sinálase que se aprobará na seguinte convocatoria de CCP o modelo de seguimento de repetidores e o de pendentes.

O Departamento de Orientación convoca aos titores e a xefatura de estudos para reunirnos unha vez ao mes con obxecto de comprobar o seguimento das titorías.

Realiza unha intervención a profesora Encarnación Domínguez para aclarar aspectos da avaliación dos ámbitos no PDC.

En relación aos reforzos de aula, a PT do centro debe estar asignada á realización de ditas funcións. Por tanto, o profesorado que considere a necesidade do apoio da PT nun grupo, ten a posibilidade de solicitalo.

Faise mención a valorar os posibles casos de alumnado candidato a flexibilización da matrícula nos ciclos formativos e ter en conta, por tanto, os prazos para a súa solicitude.

3. Elaboración da Concreción Curricular do centro.

A directora sinala que deben acordarse os elementos para a elaboración da concreción curricular. Pide suxestións de formación para aumentar a competencia dixital docente.

A continuación, propónense criterios xerais para o outorgamento das materias de honra. Respecto ao bacharelato, realízase unha votación, na que trece membros votan a favor de que que, se hai, vaia unha matrícula para cada modalidade. Seis persoas votan en contra deste criterio. Séguese, por tanto, o criterio maiormente votado.

De seguido, pásase a tratar aspectos relacionados cas programacións didácticas. A directora le e comenta as propostas que a inspectora realizou o curso pasado sobre a avaliación. Acláranse aspectos sobre os instrumentos de avaliación respecto da atención á diversidade, a obrigatoriedade do redondeo á alza nas cualificacións e os indicadores que se utilizan para a mellora da práctica docente.

Respecto a este último punto, ratifícase a proposta de manter como instrumento de avaliación da práctica docente común a todo o centro a realización de dúas enquisas anónimas ao alumnado nos meses de novembro e maio. Realízanse diversas intervencións para determinar o seu contido, concluíndo que o profesorado decidirá, segundo o curso, etapa, ou materia, as preguntas a presentar e o pode facer a través da aula virtual.

Realiza unha intervención a profesora Beatriz Hernández, coordinadora da Biblioteca, para informar sobre os libros que necesita.

Por último, María Ana refire que é necesario que o profesorado de ciclos formativos se reúna de maneira periódica para poñer en común a nova lei da FP dual.

4. Rogos e preguntas.

Non hai.

Sendo as 11:30 horas, levántase a sesión.



A DIRECTORA
Asdo.: María Ana Domínguez Pérez

A SECRETARIA
Asdo.: Paula Muñiz Vilas



Ausentes:

- Domínguez Magallón, María del Mar
- Pardavila Neira, Mar
- Pérez Arias, Mónica